

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 8 DE XANEIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de xaneiro de dous mil dezaeito ; as horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de xaneiro de dous mil dezaeito (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

-Escrito de don Amando Martínez Deaño , en representación de AOPIL SL, solicitando a devolución do aval bancario depositado en Abanca por importe de 1.185,35 euros depositado para responder da correcta execución das obras de “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumbrado publico do Parque empresarial de Ribadavia”.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 4 de xaneiro de 2018.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-Proceder a devolución do aval bancario por importe de 1.185,35 euros depositado en Abanca por ter transcurrido o prazo de garantía da obra de “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumbrado publico do Parque empresarial de Ribadavia” e atoparse a mesma en correcto estado.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

-Notificación do Decreto do deputado delegado da área de facenda da Deputación de Ourense declarando xustificada a subvención da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia correspondente ao 2017.

-Comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil declarando desistido da súa solicitude de legalización de tres edificacións situadas na zona de policía do río Avia , en Campo de Souto, San Cristovo a dona Argimira Alfaro Mosquera.

-Comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil denegando a petición realizada por don José Manuel Míguez Domínguez , para a legalización dunha rampa de acceso, na zona de policía da marxe dereita do río Avia no lugar de Pontillón.

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### **Contrato de subministración por procedemento negociado sen publicidade de materiais e produtos de limpeza destinado ás instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes**

Considerando que con data de 20 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou:

Vista a proposta de apertura do procedemento para contrato de subministro de materiais e produtos de limpeza destinado ás instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes e Informe de necesidade , asinado polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 17 de novembro de 2017.

Visto o informe de secretaría de esta mesma data.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación , mediante procedemento negociado sen publicidade de materiais e produtos de limpeza destinado ás instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes.

SEGUNDO.- Autorizar , en contía de 3.500 euros, IVE engadido, o gasto que para este concello representa a contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

- Kifort SL
- Darlim SL
- Tesis SL.

Visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deportes de data 8 de xaneiro de 2018 do seguinte teor literal:

“ Informe Licitador Darlim SL

A oferta presentada axústase ao PPT e de condicións económico administrativas.

Licitador Tesis Galicia SL

O PPT e de condicións económico administrativas particulares recolle que o importe máximo da licitación será de tres mil cincocentos euros IVE incluído ( 3500 €)

Oferta presentada por Tesis Galicia SL

Oferta económica “... comprometendome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de 3500 e 607,44 €correspondentes ao IVE”

E polo que entendo que o licitador Tesis Galicia non se axusta ao recollido polos pregos

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-Adxudicar o contrato de subministro de materiais e produtos de limpeza destinado ás instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes a DARLIM SL.

-Notificar a presente resolución aos interesados.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as once horas e vinte e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.